

Bibliotecas
escolares
de Galicia




SUXESTIÓNS DE LECTURAS PARA O VERÁN 2019

BIBLIOTECA DO IES RIBEIRA DO LOURO
(O PORRIÑO)



XUVENIL ATA 16 ANOS E INFANTIL



XUVENIL (ata 16 anos) E INFANTIL

- ▶ *Mamá, quero ser Ziggy Stardust*, de Iria Misa. Novela Premio Fervenzas Literarias ao Mellor libro infantil, 2018. Co tema da cuestión de identidade sexual, conta unha historia positiva na que grazas á música descobre que calquera pode ser unha persoa libre e estar a ben consigo mesma. Lida este ano no club de lectura cos de 1º da ESO.
- ▶ *Todo o tempo do mundo*, de David Pérez Iglesias. Premio Merlín de Literatura Infantil 2016. Novela realista que afonda na importancia da terra, do valor do noso, de como o rural e o que representa é un referente que hai que manter nestes tempos: lingua, lendas, amor pola natureza. A protagonista, Ariadna, unha nena que comparte uns días co seu avó convértese no enxerto que con forza prende na centenaria árbore familiar dándolle continuidade á estirpe. Lida no club de lectura este ano. Para todas as idades.
- ▶ *Cabalos e lobos*, de Fran P. Lorenzo, gañou o XXXII Premio Blanco Amor. A obra trasládanos á cidade de Vigo no ano 1972, en que Paula, unha adolescente de 15 anos, se ve envolta na situación social do momento, o franquismo e a folga; no medio dela irá descubrindo a historia da súa familia marcada polo amor, a guerra, o totalitarismo e a barbarie.


El efecto Frankenstein, de Elia Barceló. Premio EDEBÉ de Literatura Juvenil 2019. Nora, a protagonista, terá que disfrazarse de home e de muller; adaptarse ás vestimentas e costumes da época para axudar o seu amigo Max a solucionar o problema coa criatura que o seu irresponsable amigo Víctor creou e abandonou no seu laboratorio. Diálogo entre dúas épocas que nos fai reflexionar sobre a desigualdade de xénero, a obriga moral de cumprir coas responsabilidades e consecuencias das nosas accións. Amor, misterio, ciencia ficción... A partir de 14 años.

Mi corazón en una caja de zapatos, de Sonia Mirón. Tras *Si tú quieres* (2014) e *Un sol dentro de mí* (2016), publícase a terceira novela xuvenil da autora dirixida aos lectores adolescentes cos que ela conecta moi ben sen ningunha dúbida. Novela realista que pretende emocionar e calar no fondo do corazón. Recomendada a súa obra en moitos centros educativos e este ano no noso, que ademais contou coa súa visita. A partir de 12 anos.

O pássaro na cabeza, de Manuel António Pina, autor portugués moi recoñecido (Premio Camões 2011). Libriño de poesía ilustrado por Ilda David. É lectura obrigatoria en 5º ano no Plan de Estudos de Portugal.

Pipi Mediaslongas, de Astrid Lindgren, un clásico agora nunha versión en galego da obra máis emblemática, a transgresora, rebelde e única "Pippi Mediaslongas" publicada por Kalandraka, traducida por David Álvarez e coas ilustracións orixinais e restauradas de Ingrid Vang Nyman. Os peques poden desfrutar agora das aventuras e das extravagancias desta nena, do seu mono señor Nilsson e do seu cabalo.

XUVENIL A PARTIR DE 16 ANOS



XUVENIL (A partir de 16 anos)

- ▶ *Formas de estar lejos*, de Edurne Portela. Segunda novela da autora después de *Mejor la ausencia*. Cunha linguaxe fluída consegue espertar as emocións do lector. Violencia sufrida en silencio no seo dunha relación tóxica de parella que vai minando en pequenas cousas a seguridade en si mesma e levándoa á tristeza, a desesperación na soidade e ao medo. Xuvenil a partir de 16 anos.
- ▶ *Tres minutos no aire*, de Miguel Anxo Murado. Oitenta e tres pequenos ensaios que constitúen unha conversa reflexiva sobre problemas humanos que condiciona a propia vida dos interlocutores cunha amenidade extraordinaria, de xeito que nin a ideoloxía nin a cultura corrompen o sentido común amosado. Libro variado nos contidos contados con ironía, lirismo, humor, cheo de contrastes; en definitiva, moi recomendable. A partir de 16 anos e adultos.

O último barco, de Domingo Villar. Última entrega da serie do inspector Leo Caldas, despois de *Ollos de auga* e *A praia dos afogados*. A novela xorde a raíz da denuncia dun médico influínte de Vigo pola desaparición da súa filla de 30 anos. Realidade e ficción da man. A partir de 16 anos e adultos.


Os fillos do lume, de Pedro Feijoo, volve ofrecer a cidade de Vigo como enclave desta novela negra, en que reaparecen os personaxes de *Os fillos do mar* logo de producirse un disparo ao alcalde da cidade olívica, César Escudeiro, en plena Porta do Sol. A investigación trasladaranos á fundación da cidade de Vigo e aos avatares ocorridos hai dous séculos. Intriga e historia van unidas da man nesta novela. A partir de 16 anos.

Os fillos do mar, de Pedro Feijoo, foi finalista nos Premios Xerais do ano 2011. A cidade de Vigo é a protagonista desta novela negra en que o arquitecto Simón Varela recibe unha chamada para realizar unha obra no xardín da adiñeirada Isabel Llobet en Canido. O achado dun cofre pechado e a morte da protagonista van desencadear unha serie de feitos que nos trasladarán aos tempos da Batalla de Rande, da Guerra Civil e do nazismo alemán. A partir de 16 anos.


A nena do abrigo de astracán, de Xabier P. Do Campo. É a última novela publicada en vida do autor coa que gañou a Premio da Crítica 2018. Susana é unha nena afeccionada ao cine, que logo de quedar orfa, vive coa súa madriña, unha muller conservadora, na vila de Ribadeínsua no contexto da posguerra. A represión, a opresión franquista e a defensa dos ideais conviven nesta novela de aprendizaxe cuxa evolución está marcada polo paso da adolescencia á vida adulta da personaxe e na cal os filmes proxectados no teleclub da vila teñen un papel fundamental. A partir de 15 anos.

O xardineiro dos ingleses, de Marcos Calveiro. Gañou o Premio García Barros 2017 e o Premio San Clemente 2018. Vilagarcía a comezos do século XX serve como enclave espacial dunha novela na cal mariñeiros ingleses e alemáns conviven cos cidadáns de Vilagarcía, representados, baixo a figura de Delia Cores, unha moza cuxo fillo Edelmiro será o misterioso xardineiro dos ingleses. A Barraca de Lorca xunto coa obra de Sorolla tamén están representadas na novela. Amor, odio, amizade, guerra, xustiza e liberdade combínanse nesta fascinante e documentada novela. A partir de 15 anos.

ADULTOS



O verán sen homes
Siri Hustvedt



ADULTOS

- ▶ *El día que Shelma soñó con un okapi*, de Mariana Leky. Novela eloxiada pola crítica alemana e que pronto será levada ao cine, constrúe unha historia non ao uso que resulta orixinal, ás veces divertida, idónea para mentes abertas, que nos fala sobre a morte e os soños, sobre o amor entre seres próximos, cunha linguaxe delicada e sinxela a pesar da transcendencia do que se conta. A partir de 16 anos e adultos.
- ▶ *El ferrocarril subterráneo*, de Colson Whitehead. Premio Pulitzer en 2017 e National Book Award, entre outros premios. O título fai referencia a unha rede secreta de casas, sotos e refuxios polos que fuxían aos estados libres do norte os escravos, axudados polos abolicionistas no século XIX. Novela contundente e crúa polos feitos contados que nos levan á desesperanza dunha época dura. A partir de 17 anos e adultos.
- ▶ *Todo el bien y todo el mal*, de Care Santos. Co título dun bolero, é a primeira parte dunha triloxía. Reina, unha psicóloga moi recoñecida en linguaxe non verbal e en detección de mentiras, queda atrapada polo temporal A Besta do Leste no aeroporto de Bucarest sen poder regresar á súa casa en Barcelona por un asunto urxente familiar que a reclama. Novela de ritmo áxil, que atrapa dende o principio e que nos fai descubrir a cara oculta da realidade. A partir de 16 anos e adultos.

Infamia, de Leticia Costas. Un thriller psicolóxico que xira en torno á desaparición de dúas irmás. Novela para adultos, con temática social de actualidade: abuso á muller, violación, violencia entre adolescentes; é unha novela visceral e dura, que se nutre de historias como a de James Rhodes en *Instrumental* ou a desaparición de Marta del Castillo, como ben explica a autora. Para adultos.

A balada do café triste, de Carson McCullers. Consta dunha novela curta homónima e seis relatos que reflicten a fragilidade do ser humano. Triángulo amoroso non correspondido, ambiente solitario dunha vila rural que ten como punto de encontro un café. Narración extraordinaria, sutil, creativa e intelixente. Para adultos.

Yo, Julia, de Santiago Posteguillo. Premio Planteta 2018. O autor retoma a historia dunha personaxe que tivo moito peso na historia do Imperio romano, Julia, esposa de Septimio Severo. Intriga, loitas dinásticas, nunha novela histórica entretida que a pesar da súa extensión, procura unha lectura áxil. Para adultos.

Elena sabe, de Claudia Piñeiro. Autora galardoada con el Premio Pepe Carvalho de Novela Negra 2019. Protagonistas femininos nunha novela intimista e ao mesmo tempo en clave detectivesca que nos conta a viaxe dunha nai enferma de Párkinson que busca a verdade da morte da súa filla, porque ela sabe ou quere saber a verdade. Unha novela breve, cunha linguaxe directa que flúe ata o final, cun peche sorprendente. Moi recomendable. Para adultos.



Antes de los años terribles, de Víctor del Árbol. Como ben di o seu propio autor: “unha novela que nos lembra que se pode ser verdugo e vítima ao mesmo tempo. Que hai vidas entre a luz máis brillante e a escuridade máis absoluta. Que unha loita que xamais remata en vitoria. Non se pode vivir sempre nos anos felices. Pero si mirar atrás sen rancor. Antes dos anos terribles, a infancia debía ser eterna. Coma nas grandes novelas de aventuras, África abrírase para facerte sentir invisible na súa inmensidade.” Unha historia sobre nenos soldados e un lugar, Uganda. A partir de 17 anos e adultos.

Trilogía de la Ciudad Blanca de Eva García Sáenz de Urturi: *El silencio de la ciudad blanca*, *Los ritos del agua*, *Los señores del tiempo*. Unha novela negra absorbente que se move entre a mitoloxía e as lendas de Álava, a arqueoloxía, os segretos de familia e a psicoloxía criminal, cunha prosa cuidada e detallista que amosa como os erros do pasado poden influír no presente. A partir de 16 anos e adultos.

O verán sen homes, de Siri Hustvedt. Autora galardoada co Premio Princesa de Asturias de las Letras este ano. A novela, escrita en primeira persoa, aborda con ironía e humor a ruptura dunha relación conxugal, proporcionándonos reflexións e informacións sobre a personalidade da autora e a súa visión do mundo, abordando diversos aspectos como a vellez, a enfermidade, a bioloxía e a neurociencia, os procesos cognitivos, a puberdade, o desexo... Para adultos.


NÓS, do autor ruso Evgueni Zamiátin, inaugura a produción de grandes novelas distópicas do século XX (1984, *Un feliz mundo novo*, *Fahrenheit 451*, *Non me deixes nunca*, *O conto da criada* ou *Os xogos da fame*). Sitúanos nunha sociedade futura indesexable, contraria á ideal que describe a utopía. Non puido ser lida en ruso na Unión Soviética ata 1988, a pesar de estar publicada en inglés dende os anos 20. Non é simplemente un retrato satirizado da sociedade soviética naquel momento senón que vai máis alá: é unha visión sobrecolledora dun mundo superindustrializado, nun ambiente deshumanizado, case cousificado, onde desapareceron os afectos e as emocións. Quizais pola formación de Zamiátin en ciencias, todas as actividades humanas están reducidas a ecuacións matemáticas, incluso os personaxes non teñen nomes, senón números (D-503, é o protagonista principal) e a novela está estruturada non en capítulos senón en Anotacións (dende a nº 1ª ata 40ª). Cos fenómenos actuais da globalización e o cambio climático, xa iniciados, a alerta suxerida por esta imponente novela ten máis vixencia que nunca.

DIVULGACIÓN



- ▶ *Voces ceibes*, de Vicente Araguas, dende a súa óptica, fai unha percorrido pola creación e evolución do grupo musical Voces ceibes, cuxa traxectoria está marcada pola Nova Canción Galega xurdida nos anos 60. Os tempos universitarios, a ditadura, a loita e os primeiros contactos coa música portuguesa, representada polo “Zeca” Afonso, son os temas que nos achega esta obra.
- ▶ *Sapiens*, de Yuval Noah, Harari. Despois de só cinco anos, pódese considerar xa un clásico que marcará unha época. Unha mirada brillante e comprensiva da historia da humanidade. Ameno e accesible a todo tipo de público pero sen deixar de ser serio e rigoroso. Ten a virtude de deixar pegada no lector, que despois da súa lectura sentirá que comprende mellor o mundo no que vivimos.

BIBLIOTECA INCLUSIVA-DIVERSIDADE



El rastro brillante del caracol, de Gemma Lienas. Unha novela para coñecer o contorno e a percepción do que rodea a un rapaz de 16 anos co síndrome de Asperger, onde a amizade, o amor da familia e a comunicación pode con todo. Unha reflexión sobre os perigos da Rede para os máis novos.

Recinto gris, de Leticia Costas. Novela xuvenil distópica que conta a historia dunha meniña que, debido á súa peculiar personalidade, é recluída pola forza nun recinto afastado da sociedade cando un exército de lobos irrompe na súa cidade, decidido a acabar con todas aquelas persoas que representan unha ameaza para a imposición da súa tiranía, polo seu comportamento ou polos seus dotes diferenciais.

Mi hermano persigue dinosaurios, de Giacomo Mazariol. A raíz da súa experiencia vital, o autor, moi xove, conta a lección vivida co seu irmán, síndrome de Down, de que o importante son as persoas e non o seu número de cromosomas. Intimista, cómica e conmovedora.

Supersorda, de Cece Bell, gañadora do o Premio Newbery, Premio ALA / YALSA á mellor novela gráfica e o Premio Eisner ao mellor escritor e ilustrador. Unha discapacidade levada a cómic con humor, narrado dende o punto de vista dunha nena, a autora, que loita para gañarse un oco nun mundo difícil á hora de manter relacións persoais.

CÓMIC



La guerra de Catherine, de Julia Billet y Claire Fauvel. Trama, estilo e diálogos sinxelos pero mensaxe e sentimentos profundos. A historia dunha nena xudía que foxe dos nazis na Francia ocupada na Segunda Guerra Mundial e fai da súa paixón pola fotografía a súa salvación retratando os heroes anónimos da resistencia. Reflexión sobre o sen sentido da guerra e homenaxe á arte da fotografía. A partir de 12 anos e todas as idades.

O inferno do debuxante, de Kiko Da Silva. No medio dunha trama que mestura realidade e ficción, con continuas referencias a creadores presentes e pasados, Kiko da Silva conta a historia dun debuxante de cómic que non pode publicar as súas obras porque sempre se lle adianta outro que tivera a mesma idea creativa ca el. Unha sentida homenaxe ao cómic e a algúns dos máis representativos creadores (Miguelanxo Prado, Ibáñez, Quino, Castelao...). A partir de 14 anos.

V de Vendetta, de Alan Moore. 30 anos despois da súa publicación, e apoiado na súa versión cinematográfica, pode ser xa considerado un clásico que sen dúbida admite unha lectura actual sen perder o simbolismo co que foi publicado, pois segue a estar vixente hoxe en día o medo á fin do planeta, á perda da liberdade do individuo e aos totalitarismos políticos con temas coma o cambio climático e o auxe dos partidos de extrema dereita. A partir de 14 anos.

Canción para afundir flores no mar, de Óliver Añón. Premio Castelao de banda deseñada 2018. O autor, Óliver Añón, preséntanos unha sucesión de sensacións que son o reflexo das súas experiencias vitais, de momentos da súa infancia e da adolescencia, compartidos coa familia e os amigos... Destaca o uso do branco e negro, as imaxes xeométricas e o manexo do tempo narrativo cunha presentación sobria que convida á concentración e á relaxación. A partir de 14 anos.

DVD



GREEN BOOK: O título débese á guía de viaxes que indicaba os lugares onde podía aloxarse a xente de cor no sur de EEUU nos anos 60. Baseada en feitos reais, a película, protagonizada por Viggo Mortensen e Mahershala Ali, conta a historia dun pianista negro e o seu axudante branco e fai referencia ao racismo e aos prexuízos da época (anos 1960) que só con humor e bondade poderán superar. Orixinal polo tratamento do tema que tamén é unha homenaxe á amizade.

GIRL. Ópera prima do director belga Lukas Dhont. Transexualidade. Unha xove de 15 anos soña con ser bailarina e ao mesmo tempo agarda a ansiada operación que lle permita deixar o odio producido polo seu propio corpo. Filmada con fondura e sensibilidade, esta gran película foi gañadora de premios, entre eles, o da Cámara de Ouro do Festival de Cannes 2018.

BURNING: Baixo a dirección do coreano Lee Chang-Don, guionista tamén xunto a Jungmi Oh, esta película é a adaptación dunha historia de Murakami, que recibiu a Palma de Ouro da Crítica e foi nominada ao Óscar á mellor película estranxeira. Conta a relación entre un xove solitario, unha rapaza aventureira e un home estraño que ela coñece nunha viaxe a África e co que se arma un triángulo amoroso con elementos de suspense e misterio.

VIAJE AL CUARTO DE UNA MADRE: Dirixida pola propia guionista Celia Rico, amósanos un delicado retrato do amor entre a nai e a filla con sinxeleza, intelixencia narrativa e lirismo. As dúas actrices, extraordinarias.

CARMEN Y LOLA: Arantxa Echevarria dirixe unha película chea de luz e sensualidade onde se trata o tema da homosexualidade no mundo xitano con sentimentos ben expostos.

UN ASUNTO DE FAMILIA: : Película xaponesa, dirixida por Hirokazu Koreeda que rompe os tópicos sobre a forma de vida xaponesa, as relacións familiares e o seu temperamento. Tolerante, tenra e crítica coa familia como institución. Unha historia que se mete no corazón.

SEMPRE XUNTOS: Película brasileira que fai o retrato dunha familia media desde a perspectiva da protagonista, Irene, unha ama de casa de Petrópolis (Rio de Xaneiro). Con catro fillos, un deles que vai estudar ao estranxeiro, acolle á súa irmá e ao seu sobriño, que abandonan o seu hogar polos malos tratos do seu home. Sen victimismo, con humor e tenrura, dános unha lección de como superar os difíciles momentos da vida.